



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

**PREGO DE CONDIÇÕES TÉCNICAS PARTICULAIAS PARA O  
SUMINISTRO DE ARIDOS PARA OS TRABALLOS DAS BRIGADAS  
DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DO  
CONCELLO DA ESTRADA**



## 1. OBXECTO DO PREGO

O presente Prego de Condicións ten por obxecto definir as condicións técnicas do contrato de subministración de áridos para o servizo de conservación de infraestruturas para reparar vías e instalacións de propiedade municipal.

As Brigadas do Servizo de Conservación de Infraestruturas veñen realizando ao ano unha media de 1.000 traballos de reparación no viario público municipal, sendo ao redor de 200 as reparacións de vías e instalacións municipais. Todas estas reparacións precisan de diverso material de áridos de diferentes clase. Por todo iso, é imprescindible contar cun contrato de subministración de distinta clase de áridos (zahorra, area e grava). É obxecto deste contrato a subministración de áridos para levar a cabo diversas obras polos operarios municipais en vías e instalacións de propiedade municipal durante todo o ano.

## 2. XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

A mantemento, reparación e conservación das infraestruturas, así como as condicións de seguridade correspóndelle ao concello.

Os traballos de reparación no viario público municipal, as reparacións dos vías tanto aqueles que se atopan en zahorra como aqueles que teñen un firme de asfalto, así como a reparación de instalacións municipais como poden ser a reposición de adoquins, lousas ou outro tipo de pavimentación, e outras obras de mantemento das infraestruturas municipais, fan necesario o acopio de áridos e distinta clase para levar a cabo estas obras.

## 3. DESCRICIÓN DO SUBMINISTRO

O subministro de formigón debera realizarse a pé de obra para a que foi solicitado, polo itinerario crítico de acceso a percorrer por vías urbanas, interurbanas, estradas xerais ou secundarias e camiños públicos ou privados con autorización expresa para o acceso a vehículos como mínimo de 26 Tm

A planta de produción deberá estar en funcionamento de luns a venres polo menos no horario de 8.00 a 18.00. Ademais, deberá estar en funcionamento en calquera día, sexa laborable, para un pedido mínimo de (5) cinco metros cúbicos (5,00 m<sup>3</sup>), para calquera emerxencia, no prazo máximo de oito horas (8 h.), sen que iso supoña sobrecusto algún no

prezo. A subministración de formigón para a utilización directa polas brigadas estará dispoñible durante todo o ano, para o cal o oferente garantirá a dispoñibilidade de persoal e medios suficientes para atender calquera petición.

O concello de A Estrada reservase a facultade de comprobar en calquera momento e lugar a idoneidade dos materiais fornecidos, transportados polo adxudicatario, para o cal se servirá dun laboratorio de control de materiais que designará libremente. Realizados os ensaios oportunos e se estes deseen resultados negativos, o adxudicatario virá obrigado ao abono destes e ao levantamento das correspondentes superficies tratadas ao seu cargo. Os ensaios serán por conta do adxudicatario, sen maior custo que o da factura presentada polo laboratorio oficial. Para a medición das cantidades fornecidas pola empresa adxudicataria, solicitaranse desta os controis de pesada da súa báscula, podendo o concello da Estrada contrastar en calquera momento as medidas obtidas en calquera outra báscula que libremente designe.

#### 4. CADRO DE PREZOS

Proponse os seguintes prezos de licitación do contrato de áridos:

- ✓ prezo por metro cúbico de zahorra é de 16,10 €/m<sup>3</sup> máis o 21% IVE (3,38 euros) resultando un total de 19,48 €/m<sup>3</sup> IVE incluído
- ✓ prezo por metro cúbico de area é de 25,25 €/m<sup>3</sup> máis o 21% IVE (5,30 euros) resultando un total de 30,55 €/m<sup>3</sup> IVE incluído
- ✓ prezo por metro cúbico de gravilla 3/6 lavada é de 18,20 €/m<sup>3</sup> máis o 21% IVE (3,82 euros) resultando un total de 22,02 €/m<sup>3</sup> IVE incluído

En consecuencia o valor estimado do contrato ascende á cantidade de 20.661,16 euros IVE máis o 21% IVE (4.338,84 euros), resultando o orzamento máximo do contrato á cantidade de **25.000,00 euros IVE (21%) incluído.**

Esta estimación, fíxase para os efectos de consignación orzamentaria. A empresa adxudicataria en ningún caso terá dereito ao aboamento da totalidade dos quilómetros ou metros cadrados, senón unicamente aos axeitadamente rozados ao abeiro deste contrato

#### 5. PRESTACIÓNS DO CONTRATO

O contratista adxudicatario para executar este contrato terá que dispor de maquinaria en perfecto estado de funcionamento e conservación e posuír os medios de transporte necesario para levar o subministro as obras que estea levando a cabo o persoal do concello.



O contratista deberá presentar, durante a fase de concurso, documentación que acredite a dispoñibilidade de maquinaria destas características.

O subministro do material levarase a cabo nos lugares e días pactados co responsable das obras que se requira.

O contratista está obrigado, durante o prazo de execución deste contrato, a ter permanentemente (en xornada habitual de traballo) e de forma inmediata a disposición do Concello e en condicións de funcionamento todos os medios materiais e persoais esixidos neste prego. E, se é o caso, os ofertados para que de modo simultáneo se realicen os traballos obxecto deste contrato.

Para tal efecto o Responsable do Contrato, ou ben o Concelleiro de Obras e Servizos Municipais no Rural, darán a coñecer á empresa, as necesidades do subministro para elaborar o plan de traballo.

O contratista terá seguro de responsabilidade civil para eventuais danos a terceiros.

Tamén terá os vehículos convenientemente asegurados para a súa circulación e traballos na vía pública, tendo o seu cargo a adopción de todas cantas medidas fosen precisas para garantir a execución dos traballos nas debidas condicións de seguridade para os traballadores e para os usuarios das infraestruturas. Asemade, será obriga do contratista garantir as condicións de circulación e seguridade vial par aos usuarios das infraestruturas viarias.

## 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios para a adxudicación do contrato serán:

- A oferta económica ata un total de 85 puntos. Valoraranse no apartado de prezo unitario por metro cúbico dos áridos. Obterá a máxima puntuación a proposición da empresa que presente a mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, con cero puntos a oferta tipo e o resto proporcionalmente no intervalo.
- Establecemento da planta subministradora nunha localización que diste como máximo 10 quilómetros do termo municipal de A Estrada. No caso de situarse a dita distancia ou a unha distancia inferior, a puntuación outorgada será de 15 puntos, si a distancia e superior a 10 quilómetros, a puntuación de este criterio será 0 puntos.

En caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores munisválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

Considérase desproporcionada a oferta económica que sinale un importe inferior en 10 puntos porcentuais a media das ofertas presentadas.

En caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores munisválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

## 7. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración ata o 31 de decembro de 2017, ou ata o remate da partida ornaméntaría destinada a este contrato, a contar dende a data sinalada no documento de formalización contractual, prorrogable por un ano máis. Se no mesmo non se indicara nada, a data de comezo da prestación será precisamente a formalización do contrato.

## 8. GARANTIA

Establécese un prazo de garantía de 6 meses.

## 9. ABONO DOS SUBMINISTROS

O abono dos subministro realizarase contra factura presentada pola empresa indicando a obra e o material subministrado, que será abonada unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo Responsable do Contrato, ou o Concelleiro de Obras e Servizos Municipais no Rural.

A Estrada a 17 de abril de 2017

O Enxeñeiro Técnico Municipal



Asdo. Ramón Brea Villaverde